

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2008.**

### **ASISTENTES:**

#### **ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **CONCELLEIROS:**

D. José M. Balseiro Canoura

D<sup>a</sup>. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

D. Jaime Pernas Rodríguez

#### **INTERVENTORA:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día 13 de outubro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 8 DE SEPTIEMBRE DE 2008. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta plenarias de 8 de setembro. Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-lo borrador da acta

plenaria de 8 de setembro de 2008.

### **2º) CONVENIO FORMALIZADO COA MERCANTIL PROCESADORA GALLEGA DE ALIMENTOS S.L. PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO URBANO DE RECOLLIDA DE ACEITE DE COCIÑA USADO NO CONCELLO DE XOVE. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do convenio do epígrafe, formalizado con data 24 de setembro de 2008, obrante no expediente.

Polo Sr. Alcalde explicanse os aspectos máis salientables do convenio de referencia.

Polos portavoces da totalidade dos grupos municipais manifestase a súa conformidade.

O Pleno Corporativo dase por enterado.

### **3º) RATIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON DATA 7 DE OUTUBRO DE 2008, APROBANDO A FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA E O CONCELLO DE XOVE, PARA O DESENVOLVEMENTO DE REDES DE TELECOMUNICACIÓNS SEN FÍOS DE ACCESO Á INTERNET DE BANDA LARGA EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS OU PARQUES EMPRESARIAIS, NO MARCO DO PLANO ESTRATÉXICO GALEGO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dase conta ó Pleno Corporativo do acordo do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

### **“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA E O CONCELLO DE XOVE, PARA O DESENVOLVEMENTO DE REDES DE**

**TELECOMUNICACIÓNS SEN FÍOS DE ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA, EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS OU PARQUES EMPRESARIAIS, NO MARCO DO PLANO ESTRATÉXICO GALEGO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do borrador do convenio do epígrafe.

Dáse conta igualmente da proposta de Alcaldía de data 7 de outubro de 2008, obrante no expediente.

Enterada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda:

Primeiro.- Aprobar o acordo de cooperación entre a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e o Concello de Xove para o desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á Internet de banda larga en polígonos industriais ou parques empresariais, no marco do Plano Estratégico Galego da Sociedade da Información.

Segundo.- Por a disposición da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia un espazo na Parcela de Equipamento ( EDS) do Parque Empresarial de Xove de dimensións 5x7metros para o proxecto de desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á Internet de banda larga en polígonos industriais ou parques empresariais, no marco do Plano Estratégico Galego da Sociedade da Información, nas condicións reflectidas no devandito acordo.

Terceiro.- A ratificación do presente acordo polo Pleno Corporativo.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explicanse os aspectos máis salientables do convenio de referencia.

Polos portavoces da totalidade dos grupos municipais manifestase a súa conformidade.

Rematado o debate, o Concello Pleno Por unanimidade dos seus membros acorda ratifica-lo acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente transcrito.

**4º) APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADXUDICATARIOS EN RÉXIME DE ALUGUER DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, UBICADAS NA RÚA AGRAMONTE (ANTIGAS VIVENDAS DE MESTRES). ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Comisión do acordo adoptado na Xunta de portavoces, celebrada con data 7 de outubro de 2008.

Enterado, o concello Pleno por unanimidade dos seus membros, asistentes á sesión acorda á aprobación da seguinte lista provisional de adxudicatarios.

- 1ª.- D. Rafael Barrul Jiménez ..... 461 puntos
- 2ª.- D. Roberto Gomez Meitin ..... 172 puntos
- 3ª.- Dª. Tania Iglesias Mariño .....172 puntos

**5º) PROPOSTA DE CESIÓN GRATUITA Á CONFEDERACIÓN GALLEGA DE MINUSVÁLIDOS ( COGAMI-ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA MARIÑA LUCENSE) DUNHA PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL, UBICADA NA URBANIZACIÓN PALMEIRO (MAZÁ O, DE 2.041,76 M2) PARA A**

## **CONSTRUCCIÓN E POSTA EN MARCHA DUN CENTRO DE RECURSOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Sr. Alcalde Presidente, explicanse ós membros da Corporación das reunións mantidas con representantes de ECOGAMI e da Asociación de Persoas con Discapacidade da Mariña Lucense, sobre o proxecto de construción e posta en funcionamento en Xove dun centro de recursos para dar servizo e atención as persoas con discapacidade da Mariña Occidental.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura íntegra á súa proposta, que a seguir se transcribe íntegramente:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove;

VISTA a proposta presentada por COGAMI ( Asociación de Persoas con discapacidade da Mariña Lucense ) na que interesa a cesión dos terrenos de titularidade municipal ( Ben patrimoniais ou de propios ) ubicados na Urbanización Palmeiro e que a seguir se describen:

**Manzana “ O “**

**Superficie: 2041´76 metros cadrados.**

**Lindes:**

**N: Vial da Urbanización Palmeiro**

**S: Manzana “ P “ da Urbanización Palmeiro.**

**E: estrada de Xove a Penas Agudas.**

**O: Manzana “ P “ da Urbanización Palmeiro.**

Vistos os e informes emitidos, ós efectos do disposto no artigo 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, polo Secretario, a Interventora e mailo Arquitecto Técnico Municipal obrantes no expediente;

**PROPOÑO ó Concello Pleno a aprobación da cesión gratuita á Asociación de Persoas con discapacidade da Mariña Lucense – COGAMI dos terrenos de titularidade municipal anteriormente reseñados por prazo de 20 anos contados a partir da formalización do correspondente documento público de cesión para construción no mesmo fun centro de recursos para persoas con discapacidades cos servizos e características descritos no escrito presentado.**

**A presente cesión sometese expresamente ó disposto no artigo 111 do antedito Regulamento de Bens das Entidades Locais que a seguir se transcribe literalmente:**

*1. Si los bienes cedidos no fuesen destinados al uso dentro del plazo señalado en el acuerdo de cesión o dejasen de serlo posteriormente se considerará resuelta la cesión y revertirán aquellos a la Corporación Local, la cual tendrá derecho a percibir de la entidad beneficiaria, previa tasación pericial, el valor de los detrimentos experimentados por los bienes cedidos.*

*2. Si en el acuerdo de cesión no se estipula otra cosa, se entenderá que los fines para los cuales se hubieran otorgado deberán cumplirse en el plazo máximo de cinco años, debiendo mantenerse su destino durante los treinta años siguientes.*

*3. Los bienes cedidos revertirán, en su caso, al patrimonio de la entidad cedente con todas sus pertenencias y accesiones.*

Xove, a 7 de outubro de 2008.”

Aberto o debate, a totalidade dos portavoces dos grupos municipais amosan a súa conformidade coa cesión reflectada na proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

Polo Sr. Fernández Bouza, solicítase que conste en acta que o Grupo Municipal do BNG non considera convinte nin necesario vincular a construción do Centro de Recursos por parte de COGAMI na mazá “O” coa construción do Parque previsto na mazá “P”, xa que na súa opinión, dito parque podería iniciarse de forma inmediata sen ter que espera-la tramitación dun expediente tan complexo como é o de construír e por en marcha un centro de recursos para persoas con discapacidade.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

**6º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 14/2008, DO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta ó Pleno Corporativo do expediente de modificacións de crédito nº 14/2008 do orzamento municipal do exercicio 2008, cúa memoria-proposta, a seguir se transcribe literalmente:

**“ MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROPOSTA DE ALCALDÍA**

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de investimentos, obsérvase a insuficiencia de crédito en diversas partidas do Estado de Gastos para atender necesidades de carácter inaplazable a que se fai referencia na Providencia de Alcaldía.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acorda-la concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 3.609.672,92 euros.

A modificación que se propón refírese ós seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaplazable nos seguintes argumentos:

-Tanto na partida relativa á obra incluída dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos de 2007 (P. 01/07), coma nas partidas relativas á do Plan Provincial de 2008 (P. 02/08) e á recuperación da Ruta dos Muíños, os traballos a realizar ascenden a un importe máis elevado no previsto nos correspondentes proxectos, ben por causas imprevistas e descoñecidas no momento da súa redacción coma pola necesidade de realizar unha obra meirande respecto á inicialmente considerada. O importe consignado na modificación de crédito está avalado neste caso polas respectivas valoracións técnicas.

-Supleméntase a partida 422.622 para acometer as obras de ampliación e pavimentación do pabellón do C.E.I.P. Pedro Caselles Rollán.

-Dótase igualmente crédito para facer fronte á obra de colocación de pasarelas, paneis informativos, adecuación dos baños e colocación de papeleras e contenedores nas praias de Morás, Lago e Portocelo. Para este investimento foi solicitada unha axuda da Consellería de Innovación e Industria polo importe do 40% do orzamento total de aproximadamente 35.000,00 €.

<b>Partida</b>	<b>Denominación</b>	<b>Consign. Inic. + Aumentos anteriores (por proxecto)</b>	<b><u>AUMENTO</u></b>	<b>Consignac. final</b>	<b><u>FINALIDADE</u></b>
121.622	Admón. Xeral. Investimento en edificios	108.605,09	60.000,00	168.605,09	<u>ACONDICIONAME NTO INTERIOR DA AMPLIACIÓN CASA CONCELLO (P 01/07)</u>
313.227.09	Acción Social. Servizo de axuda no fogar	550.000,00	35.000,00	585.000,00	<u>SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR</u>
422.622	Educación. Investimento en edificios	30.000,00	<u>40.000,00</u>	70.000,00	<u>PECHE PERIMETRAL PABELLÓN C.E.I.P.</u>

422.622	Educación. Investimento en edificios	66.370,58	<u>155.000,00</u>	221.370,58	<u>ACONDICIONAME NTO EDIFICIO USOS MÚLTIPLES PALMEIRO (P. 02/08)</u>
533.601	Mellora do medio natural. Investimento en infraestruturas	210.011,57	<u>75.000,00</u>	285.011,57	<u>RECUPERACIÓN DA RUTA DOS MUIÑOS. (P. 13/07)</u>
751.601	Turismo. Investimento en infraestruturas	0,00	<u>21.000,00</u>	21.000,00	<u>COLOCACIÓN DE PASARELAS. ADAPTACIÓN DE BAÑOS, ETC. NAS PRAIAS</u>
911.465	Transferencias entre Administracións. Transferencias a comarcas	18.555,00	<u>2.000,00</u>	20.555,00	<u>APORTACIÓN EXTRAORDINARI A PLAN PRODER</u>
<b>TOTAL</b>			<b>388.000,00</b>		

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.007.

En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramita-lo correspondente expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito nas partidas que corresponda, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 14/2008 de Modificación de Créditos por importe total de **TRESCENTOS OITENTA E OITO MIL EUROS (388.000,00)**

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde reiteranse as explicacións ofrecida ós portavoces municipais das razóns que xustifican o presente expediente.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o Grupo Municipal de AVEXO vaise abster na votación deste asunto, porque, se ven entende que é necesario realizar axustes ó logo do exercicio na execución do presuposto municipal, algunhas das modificacións que se reflicten neste expediente, amosan unha importante falla de planificación por parte do Grupo de Goberno na xestión de importantes asuntos e inversións municipais, como poden ser as obras do antigo Colexio de Palmeiro ou da Ruta dos Muíños.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o BNG tamén se vai abster porque se ben está de acordo cos aumentos de consignación dalgunhas partidas, non está de acordo cos aumentos previstos en partidas como a da obra da Ruta dos Muíños, por considerar que o valado de seguridade ó que se refire o grupo de goberno debería ser executado polos propietarios das fincas, e non con fondos municipais, e no que se refire ós aumentos para o financiamento do servizo de axuda no fogar, porque o BNG segue a considerar como absolutamente prioritario facer unha auditoría ou un control exhaustivo dos beneficiarios de tódos e cada un dos beneficiarios dun servizo que cada vez lle costa mais á totalidade dos veciños de Xove.

Polo Sr. Alcalde manifestase que os aumentos derivados da obra do Colexio de Palmeiro obedecen a un vicio oculto derivado dunha pésima construción da cuberta do inmovible, e que se detectou no momento de retirar-la pizarra da cuberta, e o aumento da consignación para o financiamento do servizo da axuda no fogar obedece a que a Vicepresidencia da Xunta de Galicia reduxo nun 77% a subvención que viña concedendo nos últimos dous exercicios para o financiamento deste servizo, xa que dita subvención pasou dos aproximadamente 230.000 € concedidos o ano pasado, os 52.000 € concedidos no presente exercicio.

Pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, D<sup>a</sup> Ana Abad, manifesta que neste momento todos e cada ún dos beneficiarios do servizo de axuda no fogar cumpren rigurosamente co establecido na normativa vixente de aplicación, engandindo que unha vez que a Xunta de Galicia aprobe a anunciada Lei autonómica reguladora dos servizos de axuda no fogar, será o momento de estudar a modificación do regulamento municipal.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase á súa intención de absterse, por considerar que se ben, é lóxico aumenta-la consignación dalgunhas partidas, os aumentos previstos noutras, amosan unha certa falla de previsión e control do gasto por parte do Grupo de Goberno.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa. González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, e Balseirro Canoura, e coa abstención dos Sres. Pernas

Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage, Fernandez Bouza e Ben Fernández, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos do orzamento municipal 2008, nº 14/2008, por importe de 388.000 €, ordenando a exposición pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia, os efectos da presentación se é o caso das alegacións ou reclamacións que se estimen oportunas, facendose constar que no suposto de non presentación de reclamacións no prazo anteriormente sinalado, o expediente entenderase definitivamente aprobado.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo